

MARÍA JOSÉ GÓMEZ ALVITE PRESIDE A ASOCIACIÓN DE AFECTADOS POR ENFERMIDADES AMBIENTAIS

► Xurdido hai dous anos, este colectivo con asociados en toda España, convoca para mañá o seu primeiro acto reivindicativo, unha concentración ás 11.30 horas ante a sede do INSS en Lugo, para visibilizar os dereitos e as demandas dos pacientes con enfermidades ambientais

«Non existimos para a sociedade, pero o peor de todo é que tampouco para a lei»

TEXTO: **ARSENIO COTO**
✉ acoto@elprogreso.es

ESTA LUCENSE, de 45 anos, leva dúas décadas enferma, pero di que non deron ata hai 7 anos co seu diagnóstico. Padece cinco doenzas ambientais, entre elas Sensibilidade Química Múltiple (SQM) e Electrohipersensibilidade (EHS). A máscara de válvulas con filtro de carbón activo e as gafas de sol —«non tolero a luz solar, pero nin cando chove, nin con néboa», di— son as súas compañeiras inseparables. A súa experiencia persoal levoulle a fundar unha asociación para dar visibilidade a estes doentes, a maioría mulleres.

Como é o seu día a día?

Non podo estar preto dun ordenador, televisor, campá extractora... Na miña casa a wifi é por cable. Detecto as ondas a quilómetros, mesmo dos parques eólicos. Eu permanezo postrada na cama entre 18 e 22 horas diarias. Non dou camiñado máis de 200 metros. A miña filla, que ten 17 anos, e o meu marido non poden utilizar desodorante, colonia, xel, champú... porque me afectan. Teñen que usar un xabón ecolóxico feito especificamente para min. Teñen que limpar a casa con bicarbonato e vinagre. Na miña casa non se usan deterxentes, nin suavizantes. A miña comida non pode ter conservantes, nin colorantes. É como volver a vivir no século XIX. E ademais teño moita moita dor. Eu cando me poñía unhas chancelas de praia en media hora estaba desmaiada, ata que souben que era pola goma. Levo varias roturas de ósos (pé, perna, ombreiro...), que eran causadas por levar tecidos

derivados do petróleo.

Cal é a principal orixe das súas doenzas?

O maior desencadenante é a contaminación ambiental, a través da nosa roupa, como o poliéster; a auga, que trae todo tipo de substancias; as comidas, con glutamatos; o aire que respiramos; as ondas magnéticas... A contaminación está detrás de todo, no meu caso as cinco enfermidades que padezo son ambientais.

O cambio climático agrava as súas patoloxías?

Si. Non podemos vivir nunha cidade. Eu tiven que deixar a miña casa na cidade e irme a vivir a unha aldea, como os pacientes que temos asociados por toda España. Temos que deixar a cidade porque é onde máis se concentran os gases do cambio climático, polos coches, as fábricas, as calefaccións... Pero no campo tamén malamente porque fumigan, fertilizan...

Que incidencia teñen?

Case unha de cada catro mortes que se producen a nivel mundial, o 23%, é por enfermidades ambientais, segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS). As nosas enfermidades supoñen ir en contra das grandes multinacionais tecnolóxicas, farmacéuticas, químicas..., que contaminan. Está en entredito o modelo de produción da economía occidental. Algunhas delas, como a SQM ou a EHS nin siquiera teñen o código CIE que a OMS lles da ás distintas enfermidades. Ademais non se forma aos médicos. Si hai algúns grupos universitarios en España e noutros países desenvolvidos que por libre están facendo estudos. É



María José Gómez Alvite. EP

■ A nivel estatal, o 46% dos pacientes logran a incapacidade permanente pola vía administrativa e en Galicia o 0%»

David contra Goliath.

Como lles está a afectar a pandemia de covid-19?

Ao principio da pandemia prohibiron as nosas máscaras de válvulas e tivemos que acudir ao Defensor do Pobo para que as volveran autorizar porque eran por necesidade vital. Se xa estabamos reclusos nas nosas casas, porque non podemos entrar en espazos nos

que haxa xente que se perfume ou onde se usen ambientadores, agora máis polos xeles hidroalcolicos e polos produtos tan drásticos usados para desinfectar. Nós para desinfectarnos só podemos utilizar a auga osixenada. Hai algún caso en Galicia de pacientes que levan sen saír da casa desde que comezou a pandemia, hai máis de 18 meses.

Que pretenden con esta primeira mobilización?

Somos tan invisibles, como vivimos reclusas, apartadas, que non existimos para a sociedade. Pero o peor de todo é que tampouco para a lei. O artigo 43 da Constitución, o dereito a saúde, non existe para nós. Non existen unidades específicas, hai médicos que non saben da existencia das nosas enfermidades... Oito de cada nove enfermos son mulleres, se foran homes non estaríamos nesta situación. Non existen baremos para cualificar a discapacidade e a incapacidade das nosas enfermidades, por iso temos moitísimos problemas para conseguir unha baixa laboral. A nivel nacional o 46% dos pacientes conseguen unha incapacidade permanente na vía administrativa, en Galicia o 0%. Sempre temos que recurrir a vía xudicial e ir contra a Seguridade Social. Isto leva a que se multiplique por seis o número de suicidios con respecto a outras enfermidades, como o cancro. Somos un colectivo invisible e abandonado. Esa é a razón de ser da asociación (sqmehsgalicia.org), a visibilización e a loita por uns dereitos cando estamos incapacitadas funcionalmente para desenvolver unha vida laboral.

La web del Concello suma dos días fuera de servicio y desata las quejas vecinales

REDACCIÓN

LUGO. La página web del Concello seguía ayer fuera de servicio, de modo que continuó bloqueada durante toda la jornada la posibilidad de realizar cualquier gestión ante la administración local.

La caída de los servidores se produjo en la madrugada del martes y alteró tanto el funcionamiento interno de la administración como los trámites ciudadanos, lo que desató quejas de vecinos y em-

presas, que ayer se recrudecieron al no llegar la solución.

En tanto, el PP también criticó la situación y el viceportavoz de la formación, Antonio Ameijide preguntó al gobierno por las razones por las que el Concello no cuenta con un sistema para restablecer de forma rápida los servidores en caso de apagón.

Pedir disculpas no basta, porque no es de recibo estar en esta situación, dijo Ameijide.

El PP defenderá en su congreso extender en Lugo el modelo Feijóo

REDACCIÓN

LUGO. El PP provincial presentó el decálogo de compromisos que llevará este domingo al décimo octavo congreso del partido y cuyo primer punto se centra en extender en la provincia lo que considera el modelo Feijóo. La coordinadora, Cristina Sanz, destacó que se aspira a «construir un Lugo mellor» para lo que estima «imprescindible aprovechar a experiencia de xestión do

gobierno Feijóo», así como la de los alcaldes y alcaldesas del PP.

La simplificación administrativa para la solicitud de ayudas a sectores afectados por la crisis, la atención a trabajadores afectados por Ertes, la lucha para frenar «a desorbitada suba do prezo da luz» o evitar el cierre de oficinas bancarias, el cuidado del medio rural o la asistencia a personas mayores son otras de sus premisas.

Renfe

Se avería el bus que sustituía a un tren a Ourense cancelado

El martes a las 15.00 horas tendría que haber partido de la estación de Lugo un tren regional a Ourense para enlazar allí con otro a Madrid. El ferrocarril nunca llegó a salir y a los 7 pasajeros se les facilitó un autobús para poder llegar a Ourense. Pero pasada la rotonda de Nabela ocurrió el segundo de los imprevistos que marcaron lo que debía ser un viaje normal: el autobús sufrió una avería. Renfe montó entonces a los pasajeros en varios taxis con destino a la ciudad de As Burgas, que llegaron a su destino a la hora, permitiendo enlazar con el tren a Madrid.

Comercio

As Termas acogerá una clase de moda impartida por Telva

El centro comercial As Termas acogerá el próximo jueves 30 de septiembre una clase magistral de moda titulada 'Fashion Editor' impartida por Roberto Alonso de Telva. El evento formativo explicará cuáles son los secretos que encierra la profesión de editor de moda y es gratuita para todos los asistentes. Los alumnos serán invitados a compartir sus looks y propuestas a través de las redes sociales. Hay 25 plazas previa inscripción en www.ccastermas.com.

Propuesta

El PP quiere que Lugo sea un destino de turismo inclusivo

El grupo municipal del Partido Popular presentará en el pleno del presente mes una proposición para incorporar a Lugo en la lista de destinos con sello de Turismo Inclusivo. Su propuesta incluye incorporar a la ciudad en un plan estratégico pensado para que las personas con alguna discapacidad puedan disfrutar con plena accesibilidad de su visita.

Protesta

La asociación de A Residencia convoca una concentración

Los vecinos de A Residencia se concentrarán a las 20.30 horas de hoy ante la rotonda de la Avenida das Américas en protesta de la implantación de una planta de biomasa en la parcela de la antigua residencia. También lo harán en contra el trazado del carril bici.